



## XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 18 DE MARZO DE 2024

### Acórdase/apróbase por asentimento<sup>1</sup>:

1. A acta da reunión ordinaria do día 21 de decembro de 2023.
2. A listaxe de materias básicas que se adscriben ao ámbito de coñecemento do título, tendo en conta o artigo 14.4 do RD 822/2021.
3. A memoria económica do exercicio 2023.
4. Repartir o orzamento correspondente ás axudas do Consello Social para o desenvolvemento de prácticas do alumnado durante o ano 2024 como sigue: asignar 499 euros para o Obradoiro práctico proposto pola profesora Ana María Tobio Rivas sobre a implicación práctica para as empresas da nova regulación da Unión Europea sobre dilixencia debida en materia de sustentabilidade; e reservar o resto da partida para actividades de prácticas externas do alumnado.
5. Emitir informe favorable a proposta remitida polo Departamento de Dereito Público Especial para a concesión do grao de Doutora Honoris Causa pola Universidade de Vigo á Dona María Emilia Casas Baamonde.

Ourense, 18 de marzo de 2024

María Belén Sánchez Ramos  
Secretaria

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.